

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO  
PLENO O DÍA 8 DE NOVEMBRO DE 2019**

No Concello da Laracha (A Coruña) a oito de novembro do dous mil dezanove, sendo as trece horas e trinta minutos, e co fin de celebrar en primeira convocatoria a sesión extraordinaria do Concello Pleno conforme ao disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (R.O.F.) aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, fixada ao efecto para o día de hoxe, reúnenos na Casa Consistorial os srs. Concelleiros/as que a continuación se relacionan:

**Sres Asistentes**

**ALCALDE-PRESIDENTE**

JOSÉ MANUEL LÓPEZ VARELA

**CONCELLEIROS/AS**

JOSÉ RAMÓN MARTÍNEZ BARBEITO

JESÚS SOUTO PENA

RAMIRO BELLO RECOUSO

PATRICIA MARÍA BELLO CANEDO

MARÍA DEL ROCÍO LÓPEZ REY

ADELINA LISTE MONELOS

CRISTINA VIEITES CALVO

PABLO CAMBÓN BÉRTOA

BEGOÑA DOMÍNGUEZ

PATIÑO

MARÍA PALOMI RODRÍGUEZ

CASTIÑEIRA

ALBA DOLORES TOBA

FERREIRO

JOSÉ MARTÍNEZ AGEITOS

MARÍA PILAR NEIRA

MARTÍNEZ

XOAN MANOEL SANDE MUÑÍZ

CAROLINA CASTIÑEIRAS BRANDÓN

NON ASISTE: JOSÉ ALBERTO BLANCO

VEIGA

Asiste como secretaria, a da Corporación, Cristina Castro Fuentes, que da fe do acto.

Asiste o interventor da Corporación, Eduardo Mera Rico.

Aberto o acto pola Presidencia, a continuación procedese ao exame dos asuntos comprendidos na Orde do Día.

**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS ANTERIORES DE 27.09.2019 E 17.10.2019**

Non habendo alegacións enténdense aprobadas por unanimidade dos asistentes.

**2º.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO DE 14 DE OUTUBRO DE 2019 POLO QUE SE APROBAA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO EXERCICIO 2018.**

Dase conta da liquidación do exercicio de 2018 sen intervencións. Cópíase o Decreto de aprobación da liquidación.

**RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.-**

Examinado o expediente de liquidación do Orzamento do exercicio económico de 2018, vistos os Informes de Intervención acerca de dito expediente e acerca da avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, vistos os artigos 191 a 193 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación cos artigos 89 a 105 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, que desenvolve a devandita Lei en materia orzamentaria,

**RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar a liquidación do Orzamento municipal correspondente ó exercicio económico de 2018, co seguinte **resultado orzamentario**:

<b>1.-Dereitos recoñecidos netos (1.a + 1.b + 1.c).....</b>	<b>8.235.835,55 €</b>
1.a.- Operacións non financeiras (1.a.1 + 1.a.2).....	8.235.835,55 €
1.a.1.- Operacións correntes (Cap. 1 a 5).....	7.877.065,78 €
1.a.2.- Resto de operacións non financeiras (Cap. 6 e 7).....	358.769,77 €
1.b.- Activos financeiros .....	0,00 €
1.c.- Pasivos financeiros .....	0,00 €
<b>2.-Obrigas recoñecidas netas (2.a + 2.b + 2.c).....</b>	<b>8.728.188,46 €</b>
2.a.- Operacións non financeiras (2.a.1 + 2.a.2).....	6.561.754,84 €
2.a.1.- Operacións correntes (Cap. 1 a 5).....	6.416.028,04 €
2.a.2.- Resto de operacións non financeiras (Cap. 6 e 7).....	2.312.160,42 €
2.b.- Activos financeiros .....	0,00 €
2.c.- Pasivos financeiros .....	0,00 €
<b>3.-Resultado orzamentario(1-2).....</b>	<b>- 492.352,91 €</b>
<b>4.- Axustes:</b>	
4.a.- Obrigas recoñecidas financiadas con remanente para gastos xerais....	292.013,14 €
4.b.- Desviacións de financiamento negativas do exercicio .....	953.154,24 €
4.c.- Desviacións de financiamento positivas do exercicio .....	427.494,04 €
<b>8.- RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO (3 + 4.a + 4.b - 4.c)....</b>	<b>325.320,43 €</b>

**SEGUNDO.-** Aprobar o seguinte estado de **Remanente de Tesourería:**

<b>Debedores pendentes de cobro en fin de exercicio:</b> .....	<b>104.469,37 €</b>
De orzamento de ingresos, orzamento corrente:	14.960,88 €
De orzamento de ingresos, orzamentos pechados:	1.884,50 €
Doutras operacións non orzamentarias:	87.623,99 €
Menos = Ingresos pendentes de aplicación definitiva:	5.345,32 €
<b>Acredores pendentes de pago en fin de exercicio:</b> .....	<b>225.860,28</b>
De orzamento de gastos, orzamento corrente:	6.560,00 €
De orzamento de gastos, orzamentos pechados:	0,00 €
De outras operacións non orzamentarias:	219.300,28 €
Menos = Pagos pendentes de aplicación definitiva:	2.382,41 €
<b>Fondos líquidos na tesourería a fin de exercicio:</b> .....	<b>2.885.547,42 €</b>
<b>REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL</b> .....	<b>2.761.193,60 €</b>
<b>Saldos de dubidoso cobro</b> .....	<b>146,41 €</b>
<b>Exceso de financiamento afectado</b> .....	<b>53.003,80 €</b>
<b>REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERÁIS</b> .....	<b>2.708.043,39 €</b>

**TERCEIRO.-** Dar conta ó Pleno da presente Resolución na primeira sesión que se celebre.

**CUARTO.-** Remitir copia da Liquidación do Orzamento de 2018 á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

**3º.- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA DE APROBACIÓN DO PLAN ECONÓMICO- FINANCIERO DO CONCELLO DA LARACHA PARA OS ANOS 2019-2020**

Da lectura a Secretaria a lectura do Ditame:

A Comisión Informativa de Facenda en sesión extraordinaria celebrada o día 4 de novembro de 2019 ditaminou favorablemente a seguinte proposta:

**“PROPOSTA DE ALCALDÍA**

O interventor do Concello emitiu o pasado 14 de outubro de 2019 informe de Avaliación do cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria na Liquidación do Orzamento de 2018, no cal se conclúe:

*“A Liquidación do Orzamento do exercicio 2018 non dá cumprimento ao obxectivo de estabilidade orzamentaria nin á regra de gasto. Polo tanto, en aplicación do artigo 21.1 da Lei Orgánica 2/2002, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, o concello debe formular un Plan Económico Financeiro que permita, no ano en curso e no seguinte, o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e da regra de gasto. Dito Plan conterá, cando menos, a información detallada no artigo 21.2 da citada Lei Orgánica, de acordo co artigo 23 da mesma norma, deberá ser aprobado polo Pleno do Concello no prazo máximo dun mes dende*

*que se constatan os incumprimentos, para a súa aprobación no prazo máximo de dous meses”*

Acompáñase a presente proposta o documento “PLAN ECONÓMICO FINANCEIRO SEN MEDIDAS TRAS A APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN ORZAMENTARIA DE 2018”

O Plan axústase ao determinado nos artigos 19,20 e 21 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira, así como tamén ao disposto no Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, na parte que é de aplicación ás entidades locais.

Consta informe do interventor do Concello sobre o Plan Económico Financeiro.

Á vista dos antecedentes, **PROPOÑO** ao Pleno da Corporación:

**PRIMEIRO:** Aprobar o Plan económico-financeiro do Concello de A Laracha, nos termos que constan no documento anexo que se considera parte integrante do presente acordo.

**SEGUNDO:** Dar traslado do presente acordo á Intervención municipal, ao órgano competente da Comunidade Autónoma que exerce a tutela financeira das entidades locais (Dirección Xeral de Política financeira, Tesouro e Fondos Europeos da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia), así como ao Ministerio de Facenda a través da plataforma habilitada na Oficina Virtual de Entidades Locais para a remisión dos plans.

**TERCEIRO:** Levar a cabo a publicación deste plan seguindo as mesmas normas que as que resultan de aplicación para os Orzamentos das entidades locais, mediante un anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña”.

Rematada a lectura do ditame, lévase a cabo o debate.

Intervén o concelleiro nacionalista Xoán Sande e di que é unha norma absurda de Montoro que precisa cambios. Di que é un absurdo usar aos concellos para cadrar as contas doutras administración.

Intervén a concelleira socialista María Palomi Rodríguez e di que se vai abster , que tamén son partidarios da eliminación da normativa de limitación da regra de gasto. Di que o Concello da Laracha incumpriu as regras de gasto de forma conscientemente. Afirma a concelleira que o PEF limita a capacidade de movemento económico para o vindeiro ano. Intervén o alcalde e di que o tema do financiamento local precisa de debate. Que na ultima lexislativa estivo na Comisión de Economía da FEMP e que certamente trátase dun tema moi complicado. Que son miles de millóns de euros inmovilizados sen poder ser usados para as necesidades propias. Di o alcalde que o pago adelantado a outras administración foi causante tamén do incumprimento. Di o alcalde que outro problema son as competencias non propias dos concellos. Afirma o alcalde que espera que o novo goberno trate o tema do financiamento local, non so no ámbito autonómico. Dille o alcalde á concelleira socialista que non se incumpliu de forma consciente (como afirmou) senón de forma inconsciente.

Rematado o debate sométese a votación resultando aprobado o ditame por 10 votos a favor do PP e 6 abstencións ( 4 do PSOE e 2 do BNG)

### 3. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO – SUPLEMENTO DE CRÉDITO M8-2019 (CE-SC 08-2019)

A secretaria da lectura do Ditame da Comisión Informativa, que se copia:

A Comisión Informativa de Facenda en sesión extraordinaria celebrada o día 4 de novembro de 2019 ditaminou favorablemente a seguinte:

#### “PROPOSTA DE ACORDO APROBACIÓN INICIAL EXPEDIENTE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO-SUPLMENTO DE CRÉDITO MC 8-2019 (CE SC 08-2019)

**PRIMEIRO.-** Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos (crédito extraordinario-suplemento de crédito 08/2019), financiado con remanente líquido de tesourería para gastos xerais, considerando que é unha necesidade, polo que tendo en conta a Liquidación do Orzamento do Concello do ano 2018 que deu como resultado un Remanente de Tesourería para gastos xerais positivo, acrecentando en 252.043,88 euros e dotando de crédito por 250.543,28 euros nas aplicacións orzamentarias que se detallan:

#### SUPLEMENTO DE CRÉDITO

APLICACIÓN	INCREMENTO PROPOSTO	FINALIDADE
161.619.00	20.427,46	Abastecemento de auga, investimentos de reposición
1531.609.00	22.670,48	Acceso a núcleos, investimentos novos
1531.619.00	61.530,42	Acceso a núcleos, investimentos de reposición
1532.609.00	22.651,30	Pavimentación vías públicas, investimentos novos
1532.619.00	120.262,92	Pavimentación vías públicas, investimentos reposición
1621.623.00	4.501,20	Recollida de lixo, maquinaria, instalacións e utillaxe

**TOTAL SUPLEMENTO DE CRÉDITO.....252.043,88 €**

#### CRÉDITO EXTRAORDINARIO

APLICACIÓN	INCREMENTO PROPOSTO	FINALIDADE
165.619.00	50.566,97	Alumeado público, investimentos de reposición
171.625.00	18.150,00	Parques e xardíns, mobiliario
336.600.00	46.460,00	Protección e xestión patrimonio histórico artístico, investimento novo terreos
342.632.00	60.700,14	Instalacións deportivas, investimentos de reposición
433.625.00	7.304,89	Desenvolvemento empresarial, mobiliario
454.619.00	13.213,20	Camiños vecinais, investimentos de reposición
920.623.00	3.615,60	Administración xeral, maquinaria, instalacións e

		utilaxe
920.624.00	18.000,00	Administración xeral, elementos de transporte
920.625.00	3.726,68	Administración xeral, mobiliario
920.626.00	2.200,00	Administración xeral, equipos para proceso de información
920.629.00	4.701,50	Administración xeral, outros investimentos novos
920.632.00	5.024,69	Administración xeral, investimentos de reposición
1532.625.00	16.879,61 €	Pavimentación vías públicas, mobiliario

**TOTAL CRÉDITO EXTRAORDINARIO.....250.543,28 €**

**FONTES DE FINANCIAMENTO:**

**REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS:..502.587,36 €**

**SEGUNDO.-** Someter a información pública polo prazo de 15 días hábiles o expediente mediante a publicación de anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación.

**TERCEIRO.-** Aprobar con carácter definitivo, sen necesidade de novo acordo plenario, o referido expediente se contra o mesmo non se presentasen reclamacións durante o período de exposición pública.

**CUARTO.-** Publicar un resumo do Orzamento a nivel de capítulos, unha vez aprobada a modificación de créditos, no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación, con ofrecemento dos recursos que en Dereito procedan.

**QUINTO.-** Remitir copia do expediente á Administración do Estado, así como á Xunta de Galicia para o seu coñecemento e efectos oportunos”

Rematada a lectura do ditame, o concelleiro nacionalista Xoán Sande manifesta que vai votar a favor sobre todo polo tema do viveiro de empresas. O alcalde describe cómo vai a quedar o viveiro de empresas. O PSOE anuncia a súa abstención. Sométese a votación o ditame da Comisión informativa resultando aprobado por 12 votos a favor ( 10 do PP e 2 do BNG) e 4 abstencións ( do PSOE).

**5º.- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DE DATA DO VINDEIRO PLENO ORDINARIO PARA O DÍA 13 DE DECEMBRO DE 2019.**

Explica o alcalde a necesidade de modificar a data do vindeiro pleno ordinario para celebralo o día 13 de decembro de 2019 no lugar do 29 de novembro de 2019 por mor dunha viaxe ao estranxeiro nun proxecto relativo a Inmigración. Os membros do Pleno aproban por unanimidade o cambio de data.

Sendo as 14:00h dase por rematada a sesión